# DOSSIER CAMPAÑA EDUCATIVA ITINERANTE SOBRE PREVENCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS MUNICIPAIS

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, da Xunta de Galicia, ten como un dos seus obxectivos fomentar a correcta xestión dos residuos domésticos e, especificamente, a prevención do desperdicio alimentario.

Con este fin está desenvolvendo unha CAMPAÑA EDUCATIVA ITINERANTE a disposición dos Concellos e outras entidades, que se dinamizará nos meses de xuño e xullo, abordando aspectos relativos á xestión dos residuos domésticos, prevención, reutilización, recollida selectiva, reciclaxe, compostaxe e desperdicio alimentario.

Esta campaña consta dos seguintes elementos:

- Exposición de paneis:
  Conxunto de 6 paneis, tamaño 120 cm (ancho) x 205 cm (alto), acompañada por unha pantalla con proxección de información audiovisual e atendida por un educador ambiental. As temáticas abordadas son:
  1. Xestión de residuos municipais
  2. Prevención e preparación para a reutilización
  3. Desperdicio alimentario
  4. Compostaxe
  5. Recollida selectiva
  6. Economía circular

- Charlas divulgativas:
  Charla de 60-90 minutos, realizada por un educador ambiental e dirixida, preferiblemente, a grupos de adultos.

- Actividades dinámicas:
  Xogos ou obradoiros de 60 minutos, realizados por un educador ambiental e dirixidos a grupos de rapazada.

A exposición será instalada e recollida por un equipo de educadores ambientais, quen atenderán as dúbidas dos visitantes e, no seu caso, realizarán a charla divulgativa ou a actividade dinámica. A solicitude da charla ou da actividade dinámica está supeditada ao compromiso de contar cun mínimo de 15 asistentes.

Pregamos realicen a solicitude da actividade a través do seguinte FORMULARIO. As solicitudes atenderanse por orde de rexistro e de confirmación de datas.

De seguido, acompáñanse as imaxes do conxunto de paneis.

XUNTA DE GALICIA
xunta.gal

Xacobeo 2021

FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"
UNIÓN EUROPEA

galicia













REPARA EN...
É PRECISO TOMAR CONCIENCIA
Camiñamos cara á economía circular coas ideas claras
A ECONOMÍA CIRCULAR
PECHA O CICLO DE VIDA DOS PRODUTOS E SERVIZOS, OPTIMIZANDO O CONSUMO DE MATERIAIS, AUGA E ENERXÍA, MINIMIZANDO A XERACIÓN DE RESIDUOS.
EXEMPLOS DE APLICACIÓN DA ECONOMÍA CIRCULAR
BOTELLA REUTILIZABLE METÁLICA OU DE VIDRO
VAQUEIROS QUE SE ALUGAN
REPARACIÓN DE ELECTRO-DOMÉSTICOS
TRANSFORMANDO RESIDUOS EN NOVOS RECURSOS
PENSA EN CIRCULAR
@GaliciaSostible


REPARA EN...
PARA RECICLAR HAI QUE SEPARAR
A reciclaxe contribúe a mellorar o noso medio
CONCELLOS ADHERIDOS A SOGAMA
EN SOGAMA TRÁTANSE OS RESIDUOS (BOLSA AMARELA E BOLSA NEGRA) DE MÁIS DO 80% DA POBOACIÓN GALEGA. O RESTO DE FRACCIÓNS SON TRASLADADAS DIRECTAMENTE AOS CENTROS RECICLADORES. A OPTIMIZACIÓN DO TRATAMENTO PERMITE RECUPERAR MÁIS MATERIAIS PARA RECICLAR, MINIMIZANDO O VERTIDO.
ENVASES DE VIDRO
MATERIA ORGÁNICA
LATAS, BRIKS E ENVASES DE PLÁSTICO
ENVASES DE CARTÓN E PAPEL
FRACCIÓN RESTO
OUTRAS RECOLLIDAS
EXEMPLOS DE RECICLAXE
VALORIZACIÓN ENERXÉTICA
TRANSFORMANDO RESIDUOS EN NOVOS RECURSOS
PENSA EN CIRCULAR
@GaliciaSostible